



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da Exposición fotográfica PRIORIDADE I. POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL, organizada pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN - Galicia)

Parlamento de Galicia, 15 de outubro de 2010 // 11,00 horas

Amigos da Rede Galega de Loita contra a Pobreza
Portavoces,
Deputadas e deputados,
Señoras e señores:

Folga dicir que o Parlamento de Galicia se sente honrado de albergar a exposición que hoxe inauguramos, xusto cando está a piques de celebrarse o Día Internacional de Loita contra a Pobreza, que se conmemora cada 17 de outubro.

Non por obvio debo deixar de recordar que o Parlamento de Galicia é a casa de todos os galegos, e de modo especial das persoas que se atopan en risco de exclusión social.

Na sociedade occidental da que formamos parte, non estamos habituados –ou non o estabamos, polo menos ata o de agora- a toparnos de bruços coa pobreza extrema, unha realidade que, non por iso, deixa de existir.

A intensa crise económica que estamos a atravesar fai que este fenómeno aflore aínda máis, recoñecendo, tamén, que

en Galicia non acada, por fortuna, a dimensión que ten noutros territorios.

Nunca é bo xeneralizar e moito menos no caso que nos ocupa, pero é o certo que, en máis ocasións das debidas, a nosa sociedade prefiere ignorar as diferentes vertentes da pobreza – como ben escenifican algunhas das imaxes que podemos contemplar nestas fotografías-, en lugar de implicarnos persoalmente e poñer, cada un desde as súas posibilidades, o seu grao de area particular.

Haberá quen opine que a loita contra a exclusión social é unha competencia das institucións públicas pero, na opinión de quen lles fala, tan importantes como os recursos públicos, o son os xestos e a toma de conciencia de cada un de nós.

Porque integración é implicarse nos diferentes movementos sociais que traballan neste ámbito, desde o da concienciación ao da axuda e asistencia social;

Porque integración é ser conscientes de que ao noso carón hai persoas e familias que non nadan na abundancia e se ven obrigadas a recorrer á axuda de organizacións coas que podemos colaborar con ben pouco;

Porque integración é educar aos nosos fillos no respecto á diversidade;

Porque a integración, en suma, é a consecuencia lóxica e directa dunha concepción integral da persoa, que comeza por cada un de nós e continúa polo noso contorno máis inmediato.

E remato, non sen antes animar a todos os presentes a ollar con detalle as imaxes aquí expostas e a reflexionar sobre todo o que nos transmiten.

Desde a miña óptica persoal, hai dúas realidades da pobreza e a exclusión que me resultan especialmente conmovedoras: a

dos anciáns sen recursos e con escasas ou nulas posibilidades de remontar estas situacións.

E os nenos, vítimas silenciosas da exclusión, condenados a medrar alleas ao que debería ser unha etapa feliz da súa existencia.

Todos, insisto, temos unha obriga moral inexcusable para implicarnos.

E a todos, tamén, moitas gracias por secundar esta convocatoria.